



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TEO

Anuncio de avocación de competencias e corrección de erro material

ANUNCIO DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS PARA ACTO CONCRETO E CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL DAS BASES DE SUBVENCIÓNS DA CONVOCATORIA DE DEPORTES PARA 2022

No Boletín Oficial da Provincia do 29/08/2022 (núm. 163) publicáronse as Bases reguladoras para a convocatoria de subvencións a clubs deportivos sen ánimo de lucro e deportistas federados/as polas actividades realizadas e para a preparación das diferentes competicións durante o ano 2022, que foran aprobadas pola Xunta de Goberno Local do 18/07/2022.

Realizada por Resolución da Alcaldía do 29/08/2022 corrección de erro material consistente na publicación do prazo de solicitudes, esta publicouse no BOP núm. 167 do 02/09/2022.

Detectouse un novo erro material na Base 4.2.1 d), consistente na anualidade da Memoria descritiva, que erróneamente aparece como ano 2022, debendo poñer ano 2021.

Por Resolución da Alcaldía do 07/09/2022, avocáronse as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local, mediante (Decreto de 4 de outubro de 2021 (Res 1049/2021), en relación co Decreto de 3 de xullo de 2020 (Res 622/2020)), para este acto en concreto, e procedeuse á corrección material do erro detectado nas Bases da convocatoria, de acordo co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Así, **onde di:**

“4ª SOLICITUDES (...) 4.2. Documentación (...) 1) CLUBS DEPORTIVOS:(...) d) Memoria descritiva do ano 2022”,

debe dicir:

4ª SOLICITUDES (...) 4.2. Documentación (...) 1) CLUBS DEPORTIVOS: (...) d) Memoria descritiva do ano 2021”.

Acordouse así mesmo publicar dita corrección de erro material no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na web municipal, sen que dita publicación modifique o prazo de presentación de solicitudes establecido.

Teo, 8 de setembro de 2022

O alcalde,

Rafael C. Sisto Edreira

2022/5641